

Grace C. Young (Inglaterra, 1868-1944)



Precursora na Didáctica da Xeometría. Unha das súas primeiras publicacións foi *Primeiro Libro de Xeometría*, onde recalcaba a importancia de ensinar xeometría tridimensional e incluía moitos diagramas e desenvolvementos planos de figuras para chegar así ao coñecemento de propiedades e teoremas.

Ata o día de hoxe empréganse estas teorías didácticas.

Tamén elaborou unha serie de textos sobre os fundamentos do Cálculo diferencial e integral, fixo contribucións á integral de Lebesgue e ao estudo das derivadas das funcións reais.

Ademais de Matemáticas, sabía seis idiomas, e inculcoulles aos seus fillos o gusto polas Matemáticas e outras ciencias: Física, Medicina, Química. . .